



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 31 DE XULLO DO 2023**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día trinta e un de xullo do dous mil vinte e tres, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca.

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela, D<sup>a</sup> María Luisa Vázquez López, D. Victor Manuel Rodríguez López.

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Manuel Luaces Fernández.

**Esperta Monforte:** D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**Interventora accidental:** D<sup>a</sup> María Inmaculada Buján Arias

**Secretaria accidental:** D<sup>a</sup> Cristina Prada Rey, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

**1º.- APROBACIÓN,SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN DE 14 DE XUÑO, 22 DE XUÑO E 5 DE XULLO DO 2023.**

Sométense a votación as actas dos plenos de 14 de xuño, 22 de xuño e 5 de xullo, aprobándose por unanimidade.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 19.04.2023 AO 21.07.2023.**



**SECRETARIA**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 19.04.2023 e o 21.07.2023.

**Intervén o Sr. Alcalde dicindo que haberá a inclusión dunha proposta da inclusión de urxencia para unha rectificación do punto das bonificacións a OVIGANIC no artigo 7 no informe de tesourería falábase do apartado b) e deberíase ser do apartado d).**

**Procédese á votación da urxencia da inclusión de punto na orde do día aprobándose por unanimidade.**

**PARTE RESOLUTIVA**

**3ª.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 41/2023: SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO NO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA 2023 FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN DOUTRAS PARTIDAS, POR IMPORTE DE 239.000,00**

O ditame é favorable á proposta, con cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

**"ANTECEDENTES:**

*Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 24 de abril de 2023 o expediente núm. 22/2023 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario por importe de 1.940.361,46 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e definitivamente o 30 de maio de 2023 ó non terse recibido alegación algunha ó expediente, coa publicación no BOP de Lugo núm. 122, co seguinte detalle:*

<b>ESTADO DE GASTOS</b>			
<b>APLICACIÓN</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>
1532.619.04	PONTE DE FERRO	522.292,64	
1532.619.01	OBRA PONTE DE PIÑEIRA		234.767,62
1532.619.00	REPOSICION OBRAS URBANAS	52.500,00	
1532.619.05	URBANIZACION ZONA D		377.000,00
160.721.09	CONVENIO SANEAMIENTO POLIGONO EXERCICIO 2023	86.556,20	
920.227.0	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	212.245,00	



**SECRETARIA**

6			
920.632.00	REPOSICIÓN EDIFICIOS	100.000,00	
334.226.09	EVENTOS PROMOCION (FESTIVAL DO VIÑO E XUDERIA)	150.000,00	
338.226.99	FESTAS PATRONAIS 2023	150.000,00	
432.226.09	PROMOCION TURISTICA (INFLUENCERS)	55.000,00	
	<b>TOTAL</b>	<b>1.328.593,84</b>	<b>611.767,62</b>

ESTADO DE INGRESOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	<b>1.940.361,46</b>

Vista a execución orzamentaria das partidas incluídas no expediente antedito existe a posibilidade de modificar o importe destinado a algunhas das finalidades previstas na modificación e destinar o crédito a financiar outros gastos.

**Financiamento:** Baixa por anulación do crédito nas partidas seguintes:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA BAIXA PROPOSTA
1532.619.05	URBANIZACION ZONA D	239.000,00

**Suplemento:** O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos seguintes expedientes:

APLICACIÓN	CONCEPTO	SUPLEMENTO DE CRÉDITO
342.619.00	REPOSICIÓN INSTALACIÓN REGO CAMPO DE FUTBOL	25.000,00
1532.619.06	APORTACION MUNICIPAL CONVENIOS COA DEPUTACIÓN	26.000,00
338.226.99	ACTIVIDADES CULTURAI E MUSICAIS DE VERÁN	100.000,00
	<b>TOTAL</b>	<b>151.000,00</b>

**Crédito extraordinario:** O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de crédito extraordinario ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos seguintes expedientes:

**Acta Pleno 31.07.2023**



**SECRETARIA**

APLICACIÓN	CONCEPTO	CRÉDITO EXTRAORDINARIO
1532.600.00	EXPROPIACIÓN CELSO EMILIO FERREIRO	35.000,00
171.600.00	EXPROPIACIÓN PARQUE DE COBAS	23.000,00
011.310.00	XUROS OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A L/P	30.000,00
	<b>TOTAL</b>	<b>88.000,00</b>

En consecuencia, e tendo en conta a aprobación dos expedientes de modificación orzamentaria tramitados xa durante o exercicio, logo de ver o informe de Intervención que consta no expediente e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

- 1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito e Crédito extraordinario (41/2023) co seguinte detalle:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA BAIXA PROPOSTA
1532.619.05	URBANIZACIÓN ZONA D	239.000,00

APLICACIÓN	CONCEPTO	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	CRÉDITO EXTRAORDINARIO
342.619.00	REPOSICIÓN INSTALACIÓN REGO CAMPO DE FUTBOL	25.000,00	
1532.619.06	APORTACION MUNICIPAL CONVENIOS COA DEPUTACIÓN	26.000,00	
338.226.99	ACTIVIDADES CULTURALS E MUSICAIS DE VERÁN	100.000,00	
1532.600.00	EXPROPIACIÓN CELSO EMILIO FERREIRO		35.000,00
171.600.00	EXPROPIACIÓN PARQUE DE COBAS		23.000,00
011.310.00	XUROS OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A L/P		30.000,00
	<b>TOTAL</b>	<b>151.000,00</b>	<b>88.000,00</b>

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

**Acta Pleno 31.07.2023**

## SECRETARIA

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que esta modificación orzamentaria pon de manifesta en certa medida a falla de previsión con respecto ao orzamento, non obstante, hai que falar cando se fala de modificación de crédito, entenden que quedarían nesa partida 138.000,00 xa que non é a baixa completa. Tamén lle gustaría saber cando se fala de expropiacións, porque é algo que se trouxo aquí a posibilidade de urbanizar un tramo de rúa na metade de Celso Emilio, se esa expropiación da que fala aquí é a referida a ese espazo de terreo.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que o pasado mes de abril presentouse a aprobación dun suplemento de crédito, e unha vez constituída a nova corporación trae aquí esta modificación, deberían de ser as menos e con pouco tempo de diferenza. Traballa vostede a base de ideas que lle xorden, promete e anuncia cousas e non é previsor co gasto. Se asignan cantidades que terían que estar previstas, a actividade do verán debería de estar prevista con anterioridade, pregunta tamén pola expropiación de Celso Emilio Ferreiro, e se os intereses de préstamo se refire para a reforma do polideportivo.

Intervén o Sr. Alcalde di que isto é o típico que di a oposición de que é unha falla de previsión, gustaríalle que vostedes vexan os orzamentos da Xunta e doutros Concellos, para ver cantas modificacións orzamentarias ao longo do ano, e algunhas incluso son para arranxar temas de fai 40 anos que algúns non pagaron e agora hai que pagar, gustaríalle dedicar este diñeiro a outras cousas. Falta de previsión nada, en absoluto. Quedan fondos na partida da zona B, e ademais se vai facer, o que pasa e que as xestións previas a modificación do modo de compensación por cooperación, levaría menos tempo do que levou. Dentro de pouco vaise aprobar de xeito definitivo o proxecto de reparcelación e sácalo a expropiación pública, ese vaise dar a finais do mes de agosto ou no mes de setembro, os trámites hai que levar os que hai que levar. Dille a D. Emilio que Celso Emilio Ferreiro, que cando se fixo a rúa de Celso Emilio, había unha persoa que todavía non se lle pagaran as expropiacións que recurriu inicialmente e gañou e polo tanto hai unha sentenza que di que hai que pagarlle, e todo isto ata ese goberno tal malo que está aquí e por iso hai que pagar eses 35.000,00 euros, que nada ten que ver con 130.000, 00 para urbanizar esa rúa, e que xa está asinado o convenio coa Deputación Provincial.

No campo de fútbol da Pinguela quedou como quedou, no seu día houbo que poñer viseras e agora hai que ver se se volven a poñer, e non so quedou iso así ata fai catro días estaba con luz de obra, e iso se legalizou cando se puxo o alumeadado e ten o seu contrato o campo e o do pavillón, a auga tamén quedou a auga de obra, e resulta que non hai presión suficiente porque os aspersores non cubren, hai que poñer unha estación de bombeo para que todo o campo teña a mesma presión de auga e regue todo o campo. Logo fala de 26.000 para os convenios da deputación un 157.000,00 e outro de 115.000,00 a parte que vai poñer o Concello son 26.000,00 cree que non está mal. As actividades de verán, repase todos os presupostos, aquí non esconden nada. Expropiación do parque de Cobas hai unhas parcelas na dereita que son de particulares algún deles descoñecido e que hai que expropiar porque hai que publícalo no BOE, a previsión para cubrir esas expropiacións desas 3 parcelas e de 23.000,00 euros, e os xuros da operación de préstamo non é para iso D<sup>a</sup> Katherinie, quedará un pavillón magnífico, non se preocupe. Isto é unha previsión por unha póliza de crédito que como calquera concello ou empresa ten que se hai momentos de non haber liquidez tírase desa póliza, iso é unha previsión. Hai tres ou catro momentos do ano que hai ingresos, o gasto é durante todo o ano, para que podas cumprir se necesitas



## SECRETARIA

tirar da póliza de crédito, é unha previsión non é que se vaian a pagar, a finais de ano verase. Esas son as explicacións que pode dar sen ningún salto de mata.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles entenden que a reposición do campo de fútbol, a expropiación de Celso Emilio Ferreiro, vaise facer fronte porque hai unha sentenza xudicial, senón a houbera non se faría fronte. Entenden que a expropiación do parque de Cobas é previsible. Pero son conscientes de que este tipo de cousas, as actividades culturais musicais de verán é algo que se pode preveer.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que a eles non lle gustan as comparacións .Agradece as explicacións. O de Celso Emilio si que é un gasto imprevisto, os outros gastos non son imprevistos porque non o son, se vostede di que é usual ter unha póliza de crédito debería ter eses gastos previstos, polo demais eles vanse abster, consideran que hai que ter outro tipo de previsión.

Intervén o Sr. Alcalde agradece as abstencións, sempre que vostedes pidan información de xeito construtivo a van ter, en definitiva, o que estase é a dar información aos monfortinos e monfortinas, o verán cultural di vostede que é previsible nalgunhas cousas e noutras non. Cando se fai o presuposto no mes de novembro, hai moitas cousas do verán que non podes prever, o que che gustaría está comprometido, ou non fan concertos en aberto, ou grupos de actividade cultural que xa están comprometidos, hai moitas cousas que non se poden preveer. E logo hai colaboracións da Xunta de Galicia coas festas de Concellos onde pagan as actuacións de artistas importantes, pero este Concello non ten esa sorte. Como cambiou o alcalde en Baiona a Xunta de Galicia lle paga para o día 4,5,6 de agosto nada máis e nada menos que Rosario Flores, Ana Guerra e o Arrebato, eses tres días gratis pagados pola Xunta, se tiveran iso sairían as festas máis baratas, estas cousas de falla de previsión de mala xestión el entende que parte da crítica pero non responde á realidade.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Socialista, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez Grupo Mixto-Esperta Monforte.

### **4º.- RATIFICACIÓN DECRETO NÚMERO 001008/23 DE 11 DE XULLO APROBACIÓN DE REAXUSTE DE ANUALIDADES DAS APORTACIÓNS PROPOSTAS POLA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL NO CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO, T.M. DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO), PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBE29UR2024**

O ditame é favorable á proposta, con cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria:

*Vista a acta da primeira reunión da comisión de seguimento do Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A e o Concello de Monforte de Lemos para a financiación, execución e entrega das actuacións de saneamento e depuración do polígono*

**Acta Pleno 31.07.2023**



**SECRETARIA**

*industrial do Reboredo, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo), PDMS MIÑO-SIL ALCHOSBE29UR2024, do seguinte tenor literal:*

*“Acta da primeira reunión da comisión de seguimento do Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A e o Concello de Monforte de Lemos para a financiación, execución e entrega das actuacións de saneamento e depuración do polígono industrial do Reboredo, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo), PDMS MIÑO-SIL ALCHOSBE29UR2024.*

*Asistentes:*

*. Confederación Hidrográfica del Miño-Sil : Joaquín José López Sánchez, Director Técnico Adjunto de la CHMS.*

*Ayuntamiento de Mofnorte de Lemos: José Tomé Roca, Alcalde Monforte de Lemos*

*Con fecha 28 de junio de 2023 se reúnen por videoconferencia los asistentes, dándose inicio a la reunión a las 9:30 horas.*

*El representante de la CHMS expone que, debido a la necesidad de tramitar la expropiación de los terrenos necesarios para ejecutar las obras, gestiones que ocuparán buena parte del año 2023, se hace imposible agotar la anualidad económica prevista para ese año en el Convemio suscrito al efecto. Propone por ello modificar dichas anualidades de la siguiente forma, destacando que estos cambios no alteran el volumen de inversión total ni las anualidades a disponer por el Ayuntamiento de Monforte de Lemos.*

	2023	2024	2025	2026	Total
CHMS	485,15 €	1.183.500,00 €	1.913.056,20 €	812.958,65 €	3.910.000,00 €
Ayto Monforte	86.556,20 €	316.500,00 €	286.943,80 €		690.000,00 €
Total	87.041,35 €	1.500.000,00 €	2.200.000,00 €	812.958,65 €	4.600.000,00 €

*El representante del Ayuntamiento de Monforte de Lemos responde que no hay inconveniente a proceder con el reajuste de las aportaciones de la CHMS tal como se indica siempre y cuando la aportación del Ayuntamiento en los años 2024, 2025 y 2026 se reparta de forma igual entre dichos tres años, según el siguiente detalle, comprometiéndose por su parte a aprobar el reajuste en un plazo máximo de cuatro días hábiles.*

	2023	2024	2025	2026	Total
CHMS	485,15 €	1.183.500,00 €	1.913.056,20 €	812.958,65 €	3.910.000,00 €
Ayto Monforte	86.556,20 €	201.147,93 €	201.147,94 €	204.147,94 €	690.000,00 €
Total	87.041,35 €	1.384.647,93 €	2.114.204,13 €	1.014.106,59 €	4.600.000,00 €

*Se acuerda por lo tanto elevar la propuesta recogida en el cuadro anterior , a la que dan conformidad ambos asistentes a la reunión. “*

**Acta Pleno 31.07.2023**



## SECRETARIA

*Na citación da Comisión de Seguimento o Concello comprométese a aprobar o reaxuste nun prazo máximo de catro días hábiles con base no disposto no artigo 21.1.k) da Lei 7/1985 de 2 de abril.*

*Con base no anteriormente exposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:*

*PRIMEIRO.- Aprobar o reaxuste de anualidades das aportacións propostas pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil no Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A e o Concello de Monforte de Lemos para a financiación, execución e entrega das actuacións de saneamento e depuración do polígono industrial do Reboredo, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo), PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBE29UR2024*

*SEGUNDO.- Determinar que as aportacións do Concello se partirán en partes iguais nos anos 2024, 2025 e 2026.*

*TERCEIRO.- Elevar ao pleno o presente decreto ao obxecto da súa ratificación. “*

### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**


Intervén o Sr. Alcalde dicindo que entre o cadro primeiro e o segundo a confederación no ano 2023 non vai poder gastar porque vai ter que facer expropiacións e iso leva un tempo, o que propón en vez de rematar a financiación no ano 2025 que remate no ano 2026.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que o pasado mes de decembro anunciaban unha inversión millonaria de 5 millóns de euros, pasaron as eleccións municipais, no primeiro pleno traen a debate da ratificación do acordo de prórroga dun proxecto do 2025 ao 2026. O da auga desta cidade é realmente preocupante, polo tanto segundo a lei de bases de réxime local no artigo 26 é competencia do concello o saneamento de auga. Sendo vostede presidente da Deputación, debería de axilizar. Manifesta a súa abstención, solicita que se presione para que se executen estes convenios.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que está moito máis guapa calada, o di politicamente, as inversións que están pedindo tiñan que realizarse do 2001 ao 2023, e vostede non si quen foi este goberno quen denunciou a empresa e se gañou un pleito de 1.700.000 euros polas inversións que non fixeron e con iso estase facendo a tubería xeral. Se tiveron vostedes feito esa tubería non habería que facelo agora, e o mesmo pasa coa xeral que vai ao depósito de Piñeira que surte ao polígono do Reboredo, e iso non ten nada que ver coa mellora de acceso ao polígono que se mellorou e que se vai seguir mellorando.

Que vostedes deixaron caducar o tunel de Canabal que veña alguén que non fixo nada pola provincia de Lugo, que llo digan que cousas relevantes que llo digan. Quén esta facendo a subestación ata Oural e despois ata Lugo, quén o esta facendo, refacendo a estación de Monforte, con quén goberno se fixo. A lei de bases di unha cousa que é a seguinte que cada





## SECRETARIA

unha administración impón unha competencia a un concello ten que ir aparexada dunha memoria económica porque esa competencia hai que pagala, porque senón pasa o diñeiro, e iso é o que está pasando co Consorcio de Bombeiros, polo tanto se se vai ao Xulgado non sabe o que diría ante normas dese tipo. Se vostedes acaban de subir o canon da auga, duplicalo, e iso foi a Xunta de Galicia, ese canon é da Xunta, e dese canon lévanse anos sen recibir ningún euro para o concello de Monforte. Vostede debería alegrarse de que traten ben as empresas, non houbo ningún goberno na etapa democrática que fixera tanto por Monforte o tempo que leva, mire vostede a inversión que se leva feito, millóns e millóns e euros, vir criticar que non se dan presa, o tema da auga, cando se está arranxando o principal que é a tubería xeral, que é un tema fundamental, e despois mirar o de Piñeira, o que se están tratando de facer que o resto das parroquias no teñan problemas. O principal agora á a principal, vai con retraso porque tardouse en recibir o permiso da Confederación, tamén retrouso os permisos o ADIF porque hai que cruzar a vía, e tamén retrasouse a Xunta, sen embargo, houbo unha parte da Xunta que foi rápida, a de patrimonio polo tema do camiño de inverno, de verdade estas cousas hai que telas en conta cando se fai unha crítica a obras como as que se está realizando.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela sinala que lle diga que estaría máis guapa calada, que lle diga iso , di que ela fala e di o que lle parece. Di que ela vai falar no seu límite de tempo o que lle parece, di que el non rigoroso coa xestión da auga, recoñecendo as melloras que faga, leva 8 anos gobernando o Concello, podendo facer uso do remanente, é Presidente da Deputación, di que eles cren recordar o goberno de Nazario Pin, pero dende as inversións foron moito mellor, a creación do Multiusos o do Colexio Novo, cousa qu e vostede non creou unha infraestrutura nova, di que eles teñen que seguir dende a súa posición o que vostede non fai. Aos veciños de Monforte dálle igual que xestiona a auga, pero sí é unha competencia súa, pero si considera que a empresa non cumpre co contrato, pero tamén hai que recoñecer que non se está invertindo o suficiente no problema da auga. O que lle pide é que cumpra coas súas funcións.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que isto se fará, o que non se farán son os accesos ao Porto Seco. Fala vostede do tempo, recórdalle a Feijoo, cando era presidente falaba o tempo que quería, porque o goberno non ten límite de tempo, iso está no regulamento, como todos os portavoces teñen límite de tempo. Fala vostede das cousas gloriosas que se fixeron na etapa do Partido Popular, di que el fala da xestión do goberno, el non critica a D. Nazario Pin, igual que fixo todas esas cousas, D. Nazario Pin onde está o cadrado do parque dos condes hai soterrado unha cimentación do concello, e decidiu tapalo con terra e facer outras cousas, iso non é optimizar recursos públicos. Di que eles poden quitar un concurso para a xestión dun servizo pero non subcontratar, di que el ten que respectar este contrato ata o ano 2026 ou 2027, e iso é a realidade.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Socialista, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez Grupo Mixto-Esperta Monforte.

### **5º.- PROPOSTA ALCALDIA EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> NOELIA GONZÁLEZ VIDAL E 83 FIRMAS DE PAIS E NAIS DE NENOS/AS MENORES DE 3 ANOS**

## SECRETARIA

O ditame é favorable á proposta, por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

*“Primeiro.- Con data 18.07.2023 D<sup>a</sup> Noelia González Vidal e 83 firmas de pais e nais presenta escrito que sinala:*

*“-Dende o ano 2008 que se aprobou a Lei de Servizos Sociais de Galicia, a Xunta de Galicia, estamos dicindo que o sistema galego de servizos Sociais debe garantir o apoio ás familias posibilitando a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.*

*-Por outro lado, a Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece que a Administración autonómica ten que garantir a calidade e o carácter inclusivo dos recursos de educación infantil coa universalización da gratuidade dos mesmos para ademais, engade, que debe promover unha dotación suficiente de prazas e os recursos necesarios, para facer efectivas as posibilidades de acceso, permanencia e promoción de toda a poboación infantil a esta etapa educativa, preferentemente en centros públicos.*

*-De todo isto podemos deducir que a Xunta de Galicia, quere transmitirnos a necesidade de dotar ás cidades e pobos coas prazas necesarias para que ningunha familia se vexa discriminada por non ter acceso ao Servizo de educación infantil.*

*- A finalidade deste Servizo tal e como definen as diferentes leis que recollen temas relacionados co mesmo, é impulsar e dinamizar a demografía de Galicia garantizando as oportunidades e servizos públicos en todos os territorios da comunidade corrixindo as desigualdades de prestacións que se poidan producir.*

*- A Lei efectivamente están ben pensada, porque parece que se protexe aos nenos e nenas con respecto ao seu dereito de educación e formación dende idades temperás e tamén parece que se protexen os dereitos das familias para poder conciliar vida familiar e laboral, sen embargo, a realidade resulta moi distante do escenario que estamos a describir. Actualmente, na nosa cidade, que temos que recordar é a segunda cidade da provincia de Lugo e capital da Ribera Sacra, temos como recursos para atender as demandas relacionadas co Servizo de educación infantil:*

*. 1 gardería municipal con 41 prazas.*

*. 1 gardería privada*

*-Estas instalacións resultan insuficientes para dar servizo á demanda que ten a cidade, obrigando ás familias a solicitar prazas noutras poboacións cercanas á da nosa residencia. Hai que recordar que tanto Chantada como Pantón, Taboada e Quiroga Concellos cercanos, contan con Galiñas Azul.*



## SECRETARIA

*-Este problema ademais agravouse a finais do ano pasado cando a Consellería de Política Social tivo que pechar en setembro do 2022 unha instalación privada dedicada a esta prestación, por graves deficiencias no estado e mantemento do edificio.*

*- Somos coñecedores que o Concello de Monforte, debido o peche da citada gardería, tivo que asumir na gardería municipal ós nenos e nenas que se atopaban nela. Aplaudimos o xesto do concello porque se priorizaron as necesidades dos cativos dándolles unha solución adecuada e urxente.*

*-Consideramos que a Xunta de Galicia, dunha vez por todas, debe levar a cabo a Lei 5/2021 e dotar á cidade de Monforte de Lemos dunha gardería pública que nos corresponde por necesidade e por poboación, xa que non entendemos que outros pobos e cidades máis pequenos conten con unha e incluso dúas garderías públicas, como pode ser Foz, Viveiro, Pantón, Chantada e unha larga lista de lugares os que non lles negamos o seu dereito pero ante os que nos sentimos inxustamente tratados.*

*Por todo isto acudimos ante Vde. a fin de que lle traslade á Xunta de Galicia a petición de que leve a cabo na nosa cidade de Monforte de Lemos, segunda cidade da provincia de Lugo, a construción de unha gardería pública que dea servizo as familias para que non teñamos que vernos abocados a empadroarnos en localidades cercanas e poder levar a cabo o noso dereito de conciliación. "*

*Por esta Alcaldía, entedemos que é preciso amosar o noso apoio á solicitude presentada por D<sup>a</sup> Noelia González Vidal e outros pais e nais de nenos e nenas menores de 3 anos, posto que evidencia a necesidade urxente dunha gardería máis nesta localidade.*

*O Concello de Monforte de Lemos cumpre, en ocasións máis alá do que a propia normativa esixe, coas súas obrigas neste ámbito e, polo tanto estímase necesario prestar apoio aquelas xustas reivindicacións para que a Xunta de Galicia, que é a que ten a competencia exclusiva en materia de educación dote dunha gardería infantil a este Concello.*

*Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que polo pleno se adopte o seguinte ACORDO:*

*Requerir á Xunta de Galicia, Consellería de Política Social para que dote dunha gardería infantil ao Concello de Monforte de Lemos. "*

### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D<sup>a</sup> Margarita Rodríguez dando lectura á proposta presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que vai empezar como remataron no último mandato, que todo o que se diga aquí é politicamente falando. Di que eles están de acordo e saben da grave deficiencia que existe, non poden facer máis que seguir incidindo que a Xunta de Galicia ten que tomar medidas, xa non como segunda poboación de Lugo, senón como algo normal de fixar poboación, a Xunta de Galicia está tratando dun xeito distinto a

**Acta Pleno 31.07.2023**

## SECRETARIA

Monforte de Lemos. Pensando que é unha competencia impropia para solicitar aumento de prazas de gardería, vostedes en marzo 2023 trouxeron outra, en abril do 2023 fixeron un rogo de poñelo no seu programa electoral, si é certo que é unha cosa da Xunta de Galicia, pero saben que teñen o servizo da piscina de 400.000 euros de gasto, pero si a gardería municipal gasta 100.000 euros para 41 nenos e nenas, di que está a chegar 18.000 habitantes, porque hai xente que se ten que empadroar noutros municipios, pero non é recibo de que vostedes o saben, a xunta de Galicia non trata ben a este Concello, pero o primeiro que se arranxe esa gardería, e dar unha trazabilidade para que iso se arranxe, non saben como está, o Concello de Monforte en vez de gastar os cartos na ponte que arranxe esa gardería, e que pide á Xunta que instale aquí unha gardería. Eles están a favor, deben saber que vostedes non están facendo todo o que está na súa man para arranxar o tema e vostedes levan aquí catro anos, sabe vostede que hai un servizo de piscina que custa 400.000 euros, podería abrir menos e non terían que andar peregrinando eses pais e nais noutros concellos.

Intervén D. Emilio José Sánchez quere felicitar a este grupo de pais e nais por dar o paso de organizarse, neste sentido dende o BNG en cada mandato trouxo ao pleno algo similar, e este ben máis dunha vez da necesidade, entenden o que quere dicir Esperta Monforte, hai que ser claros, ademais disto dende no 2017 todos os orzamentos da Xunta foron enmendados en unhas desas enmendadas era da gardería pública. Sinala que sempre se está falando do pasado, el tamén ten que dicir, no bipartito xa estaba estrutura unha rede galescolas, onde había en case todas, pero chegou o sr. Feijoo á Xunta de Galicia, o primeiro que fixo no rural, foi derogar ese plantexamento de galescolas, e iso vai en contra do que se entende de fixar poboación de traballar polo rural e non se están dando servizos aos que hai que darlle. Saben que hai axudas que se poden pedir, di que eles van apoiar esta iniciativa e se poñen a disposición deste grupo de pais e nais e se puxeron a súa disposición para levar ao Parlamento de Galicia .

Intervén D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Vázquez di que o que non se entende que o equipo de goberno pide, cando o propio goberno municipal perdeu as axudas. A xunta de Galicia puxo a disposición dos concellos máis de 30 millóns de euros para que se acolleran a aumentar as prazas de 0 a 3 anos nas escolas infantís municipais ou crear unhas novas, o concello non solicitou nada para unha posible ampliación, no ano 2022 votou en contra á moción de Esperta onde se solicitaba esta ampliación. Si existe esta demanda, porque o Concello non fixo nada, non se entende porque outros concellos máis pequenos solicitaron esa axuda como Sober e crearon 20 prazas novas, para conseguir isto a Xunta otorgou unha subvención ao amparo da orde de 23.09.22 financiada pola unión europea con fondos Nexgeneration. Si se vía necesidade o Concello de que se ía incrementar a poboación porqué non solicita a axuda á Xunta e sendo de diferentes partidos conseguen escolas tipo Galiña Azul. Di que o goberno galego destina máis de 55 millóns de euros para que as familias leven gratis aos seus fillos ás garderías infantís, di que no pleno de marzo que non era o Concello quén tiña que realizar a petición á xunta e onde o alcalde “non vou a pedir subvención ningunha in da que bote aquí 30 anos porque non vou hipotecar fondos municipais” agora o terá que facer e dar prioridade á Gardería en vez á ponte.

Intervén D<sup>a</sup> Margarita Rodríguez dille ao Partido Popular que xestionar unha gardería non é fácil, por que ten que ser o Concello de Monforte menos que os demais? Calquera reclamación non lla van facer ao conselleiro, saben que este equipo de goberno non os van

## SECRETARIA

deixar sos, hai incluso que teñen dous garderías como Foz e Viveiro, di que eles son uns apestados, por insistencia de pedir non vai quedar, se o di aos pais que fixeron aquí esa solicitude. Porqué Monforte non ten unha gardería da Xunta. Consideran que dunha vez por todos deben asumir as súas competencias.


Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que a Xunta de Galicia está incumprindo, todo iso que din vostedes teñen razóns, levan 8 anos e foi Noelia González por 3 e 83 por 3, claro que hai que dicirlle a D<sup>a</sup> Katherinie que pida por este Concello xa que vai estar no Parlamento, que é o que se pide sempre, pero é certo que o alcalde de Monforte non para de “casca” contra eles, non pode ser, hai que ir a intentar estes problemas, por suposto que Sober ten 20 prazas, en breve teñen eles máis prazas e este Concello 41. O que se podería facer é o que importante é a xente de Monforte, por iso dálle o mesmo que a culpa sexa do PSOE do PP, o que hai que facer é intentar arranxalo. A xente o que quere é ter alguén a quen dirixirse.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o mesmo que dixo fai tres meses, hai espazos onde facer esa escola infantil pública, lembrar e recordar cando se vendeu a prezo de saldo esa gardería, o máis triste de todo é que se utiliza a educación, Política Social cuns fins políticos e iso o pagan todos. Se fai unha pregunta que o Concello de Monforte, imaxinen que o equipo de goberno decide pechar a gardería, evidentemente collen ao equipo de goberno e o títano ao río, hai un problema que non teñen gardería infantil, e despois que se fai, quén ten competencias para activar todo a Xunta de Galicia, e sempre se está co mesmo, fagan a escola pública dunha puñetera vez e rematouse o tema, con isto outras moitas cousas. Que se faga un espazo público, está o Sagrado Corazón vacío, e outros emprazamentos, non depende de que se está D<sup>a</sup> Katherinie, fagan as cousas como hai que facelas dunha puñetera vez.

Intervén D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Vázquez eles esperan que se faga a petición á Xunta para que se tome unha decisión de todos xeitos recordar que nos programas electorais hai que levar puntos que se transformen en feitos, no caso de que vostede solicite axudas á Xunta tamén esperan que recoñeza a colaboración con ela, é o momento para aunar forzar e vostede dea o primeiro paso co seu proxecto poboación.

Intervén D<sup>a</sup> Margarita Rodríguez di pois ben todos a unha, Galiña Azul dependen do Consorcio, aquí hai un dato moi curioso a Xunta ten dobre vara de medir. Cando é gratuito manda un correo electrónico dicindo que hai que cambiar o regulamento como eles queren que se fagan, que non se poden solicitar o empadroamento ao estar na gardería, di que eles non cambiaron o seu regulamento, porque realmente un correo electrónico non ten validez xurídica nin administrativa. Se suma ao carro queren ter unha gardería da Xunta.

Intervén o Sr Alcalde dicindo que lle gustaría entender o que quixo dicir D. Germán, e todo como se fora cousa do Concello, hai que falar un pouco con seriedade. Vostedes requiren ao Concello en vez á Xunta, di que el non vai asumir máis competencias impropias que son da Xunta. A Xunta da un diñeiro ao ano e se lava as mans, como non comparten o que fan, non van asumir unhas competencias delas co presuposto municipal cando noutros concellos o fan. Fai poucos días asumiu a xestión da depuradora de Ribeira, agora como cambiou o alcalde igual xa non o facía, porque o fai nuns concellos e noutros non, iso non é



## SECRETARIA

de recibo, porque o canon de auga é o mesmo canon para toda Galicia. Xa bastantes competencias teñen o concello para asumir máis. Fala do programa, di que eles levan o mantemento da que hai, a Xunta é a que ten que facer a gardería. Fala vostede da gardería de ABANCA, iso segue sendo deles. Hai exemplos como Sober que lle pagan o 100 por 100 da ampliación, a Monforte non llo fan, aquí están os que dixeron os cidadáns. Concorde que dixo Emilio, a Xunta ten varias posibilidades de terreos para facer aquí a Gardería, tamén se pode realizar a través dun convenio, o concello lle cede os terreos e a Xunta fai a gardería, que é o lóxico e o legal.

Dille a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa que entende que vostede ten que ler aquí os datos que lle da a Xunta, iso é botar balóns fóra, claro que non se pediron porque a teñen que facer a Xunta, é competencia de quen é, pois que a faga, se fora beneficioso para a Xunta non o dicían. Sobre a gratuidade iso que saíu o señor Feijoo dicindo que en Galicia é gratis, as municipais págaas o Concello, o 75% o pago o Concello. E logo falan vostedes dos fondos NextGeneration, a súa xestión queda retratada polo Consello de Contas de Galicia, nomeado polo goberno do Sr. Feijoo, en segundo lugar dicir se vostede foron a Europa a intentar deixar quedar mal ao presidente do Goberno, e agora o Sr. Casado foi a Bruselas a criticar as negociacións que estaba facendo Pedro Sánchez de 140.000,00 millóns de euros, entre elas a mellora do tren que pasa por aquí para ir a Lugo. A Fundación San Vicente de Paul a pecharon vostedes, o PP a Xunta, deixaron chegar a tal punto que era insostible, quen votou a man. E logo dicir que vostedes promoven a creación de emprego en Monforte iso é rirse dos monfortinos, a pesar de que é un conselleiro que di que a Xunta tivo moito que ver, esas axudas están reguladas igual que o Concello cando está na ordenanza, non veñan vostedes aquí con contaminación e con cousas raras, co tema da ponte, a ponte farase porque a inmensa maioría a queren, polo tanto hai que respectar as minorías pero na democracia hai que facer o que din as maiorías. As cousas están ben encamiñadas, en breve se coñecerá esa ubicación e ademais van ser aprobados os pregos para licitar a redacción do plan especial para esa área recreativa desa zona de baño. Dille ás nais e pais que cando alguén lles esixa o empadroamento que llo fagan saber ao Concello. Sempre recoñeceu que a gardería existente a fixo D. Nazario Pin pero se está facendo un esforzo grande para o seu mantemento, o que ten que facer a Xunta é o que lle corresponde.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Socialista dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez, Grupo Mixto-Esperta Monforte e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

### **6º.- INCLUSIÓN POR URXENCIA DA RECTIFICACIÓN DO ERRO MATERIAL DE TRANSCRIPCIÓN DO ACORDO PLENARIO DE DATA 05.07.2023.**

Visto o informe de data 31.07.2023, asinado pola Técnico de Rendas e a Tesoureira Accidental, que literalmente di:

Visto acordo do Pleno de data 05.07.2023, por o cal se acorda declarar a concesión dunha bonificación do 95 % do imposto sobre construcións, instalacións e obras recollida no artigo 7 b) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras á empresa OVIGANIC IBERICA SL, B14590046.

**Acta Pleno 31.07.2023**



**SECRETARIA**

Visto erro detectado na referencia ao apartado do artigo 7, donde se facía constar artigo 7.b) debería facer constar apartado 7.d) ao tratarse dunha ampliación e non dunha nova implantación.

Visto que o erro non supón unha modificación no porcentaxe de bonificación, xa que ambas establecen unha porcentaxe do 95%.

E onde pon:

- “B1) 95% ..... pola creación de 6 ou mais postos de traballo
- B2) 80% ..... pola creación de 5 postos de traballo
- B3) 70 % .....pola creación de 4 postos de traballo
- B4) 60% ..... pola creación de 3 postos de traballo
- B5) 50% ..... pola creación de ata 2 postos de traballo”

Debe dicir:

- “D1) 95% Pola creación de 2 ou máis novos postos de traballo
- D2) 80% Pola creación de 1 novo posto de traballo.”

Tendo en conta o artigo 109.2 da Lei 39/20115, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo que sinala que “.../. as Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

Vistos os datos expostos, PROPONSE ao Pleno Municipal adoptar o seguinte ACORDO:

Proceder á rectificación do erro material de transcripción do Acordo plenario de data 05.07.2023 de modo que ONDE DI

- “B1) 95% ..... pola creación de 6 ou mais postos de traballo
- B2) 80% ..... pola creación de 5 postos de traballo
- B3) 70 % .....pola creación de 4 postos de traballo
- B4) 60% ..... pola creación de 3 postos de traballo
- B5) 50% ..... pola creación de ata 2 postos de traballo

DEBE DICIR

- “D1) 95% Pola creación de 2 ou máis novos postos de traballo
- D2) 80% Pola creación de 1 novo posto de traballo

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde explicando o punto.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que se van abster por non estudar a fondo isto. Espera que despois que esta iniciativa se introduce no punto seis, saben que o goberno trae por urxencia e débátese ao final do pleno, isto xa o puxeron no



## SECRETARIA

pleno riba da mesa, por iso se abstiveron daquela, porque xa que como estaba naquel acordo, agora ben corrixido alégrase desta iniciativa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non é unha iniciativa nova é unha corrección de erros.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con catorce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Socialista e dos concelleiros do Grupo municipal Popular e tres abstencións dos concelleiros do grupo municipal do BNG e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez, Grupo Mixto-Esperta Monforte.

### **7ª.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO ESPERTA MONFORTE! DE REDUCCIÓN DE VELOCIDADE EN ESTRADAS DA DEPUTACIÓN EN PIÑEIRA.**

Esta moción non está dictaminada por non atoparse o presentante da mesma na Comisión. Transcríbese a proposta da moción:

*"1.- Se demande da Deputación de Lugo un tratamento adecuado para a redución da velocidade na Estrada de Sober, como se fai na propia Capital do Concello ou noutras vías ao longo deste país, de titularidade Local, Provincial ou Estatal.*

*2.- Que similar tratamento se faga coa estrada que une a Regueira coa Vide, no tramo anteriormente mencionado, entre a Ponte de Piñeira e a propia Estrada de Sober*

*3.- Igualmente se faga unha actuación similar na zona das casas das Bodegas".*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez Pérez aproveita para dicir que non estaba presente que por cuestións laborais non puido intervir. Continúa dando lectura a moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que eta iniciativa xa ten vido como un rogo para debate, son reclamacións de veciños e veciñas de Piñeira, di que eles van votar a favor, porque así o piden os veciños en distintos escritos, hai que lembrar que a estrada de Regueira á Vide non é de titularidade municipal ata onte, non é o mesmo que a estrada de Sober. Hai que ampliar as necesidades que teñen na zona de Piñeira, fala do tránsito de peóns co tránsito de vehículos, é certo que a velocidade na que se pasa é máis alta da debida, isto se incrementa cos pasos inferiores de ADIF, hai que tomar medidas dunha vez por todas. Non se respectan, camións que exceden a altura para pasar, realmente non se están cumprindo de lonxitude de vehículos pesados, en definitiva, co paso soterrada de ADIF unha problemática en primeira da mesa. A primeira entidade onde hai que reclamar é ao concello para que inste á Deputación Provincial de Lugo, di que eles se poñen a disposición dos veciños de Piñeira que aínda na deputación non estean gobernando, pódese levar unha iniciativa ao pleno da deputación, co único fin de que se solucionen este tipo de problemas e hai que darlle solución canto antes.

Intervén D Victor Manuel sinala que este tema é reiterativo xa veu varias veces por varios grupos de concelleiros, facer uns pequenos incisos e ideas. En primeiro lugar toda a proposta para mellorar a seguridade cidadá debe ser tomado como algo necesario é urxente, e non agardar que pase algún tipo de traxedia ou altercado de circulación, dende agrupación popular no mes de decembro se solicitaban medidas para mellorar a seguridade vial, non téndose en conta a petición. Entenden que unha regulación a 30km/h



## SECRETARIA

é un pouco excesivo, a solución pasaría por realizar zonas peonís máis anchas, pasos de peóns mellor sinalizados, non so os veciños de Piñeira teñen estes problemas, a estrada da Vide, Monforte medra cada vez hai máis edificacións, ás veces os peóns teñen dificultades para crear estas vías, a visibilidade non é correcta. Por exemplo, a estrada do campo da feira, sobre todo os días de mercado hai moita xente circulando paras beirarrúas que non existen. Fala de que Policía Local faga máis controis frecuentes.

Intervén D. Ibán Torres di que vista a moción e as intervencións dos grupos, Esperta Monforte solicita un tratamento adecuado, o Partido Popular explicita as medidas concretas, non sabe que contestar. Vai ser moi breve con esta moción, é un tema recorrente tratado en varios plenos, agora ampliouse ata o mercado gandeiro. Dille a D. Germán a estrada da deputación soamente é unha a que vai para Sober, en calquera caso reitera que este é o concello de Monforte, di que eles en calquera caso o que non van facer o seu traballo, é tan sinxelo como enviar un escrito á Deputación de Lugo. En calquera caso a lei de circulación non a fai este equipo de goberno, a limitación de velocidade non depende do Concello. Non van apoiar esta moción.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez agradece o tono a D. Ibán Torres. Di que se dirixen a Servizos de Vías e obras da Deputación de Lugo pero non reciben ningunha contestación, o certo é que efectivamente que ao mellor hai algo de “totum revolution”, os veciños de Piñeira viñeron aquí e se lles di que se poñan en contacto coa Deputación, a Deputación non fai nada e o Concello non fai nada. Non entenden porque vostedes non son quen de non poñerse en contacto coa Deputación de Lugo, non é de recibo que eles traigan problemas de monfortinos aquí e que vostedes digan que é competencia da Deputación.

Intervén D. Victor Manuel agradece os seus comentarios da súas ideas. Di que son eles os que deben instar aos organismos competentes. É unha mágoa que non teñan en conta estas propostas, espera que o mediten e que a fagan vostedes e terán o seu apoio.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que os accidentes é unha fonte de perigo pero en todas partes. Se a deputación non contesta, terá que ir vostede á Deputación. Vista a sintonía que teñen vostedes co Partido Popular estará disposta a explicarlle o dereito administrativo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que dende aquí se piden competencias á Xunta que son da súa competencia, di que eles fan facer entrega ao BNG para que teñan a ben toda a esa documentación para que saiban que aquí se seguiron os pasos correctamente. O único que se pide que se lles informe, pero por suposto por dicir aquí que esperan que no haxa ningún problema, pero politicamente deberían ter o deber pensen ben para que esas cousas se arranxen para non ter problemas. Como sempre está coas mesmas cousas e contesta da mesma maneira, non pode contestar como que non están ben vistos, non están defendendo aos que lle votaron.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que dende o inicio se dixo que neste mandato se dixo que as comisións serían os mércores as 9 e 9:15 salvo que houbese un festivo no medio. Dille a D. Victor que esas preocupacións que vostede establece, se poden dicir o mesmo das estradas da Xunta, claro que ninguén quere que ocorran accidentes. Dille a D. Emilio como vostede dixo antes non respectaba as veces as sinais, o único que ten claro por iso motivo non o



## SECRETARIA

van propoñer para senador polo límite de velocidade. Todo ocorre nesta vida e a vida é tremenda.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez Grupo Mixto-Esperta Monforte.

### **8º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO DE ESPERTA MONFORTE PARA QUE O ALCALDE DE TODOS SEXA O ALCALDE DE TODOS.**

Esta moción non está dictaminada por non atoparse o presentante da mesma na Comisión. Transcríbese a proposta da moción:

*“A incorporar nas futuras bases de campamentos de verán do Concello a contratación dos monitores deportivos que fagan falta para que TODOS os nenos e neas con discapacidade no noso Concello poidan participar nos campamentos de verán”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que as comisións informativas son os mércores ás 9 da maña o festivo foi o martes, e cambiaron o mércores polo luns, el está no seu dereito. Se vostede quixeran facelo o mércores podíase facer, pero o que non debería vir aquí a contar mentiras, podíase facer o mércores e daba tempo. Continúa dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que van obviar a exposición de motivos porque peca dun populismo que non cre que ten que ver coa exposición de motivos que non ten que ver. Van apoiar esta iniciativa. Pero si que hai coñecemento que este ano non quedou ningún pequeno excluído, se contratarían monitores que fixesen falta. Entende que si llo din os usuarios, polo tanto van votar a iniciativa a favor.

Intervén o D. José Luis Rodríguez di que con esta moción di que eles entenden que o Sr. Tomé é o alcalde de todos cando ten dez concelleiros enfronte, di que cos catro concelleiros que están que respectan todos os actos institucionais. O que si ninguén dúbida de que sexa o alcalde de todos el é novato da experiencia política. Ten que entender que cando se mete coa Xunta tamén cre que debería mirarse un pouco porque vostede non trata por igual a todos os Concellos, axuda moito máis aos Concellos dependendo da cor política. Di que todas as mocións que sexan para mellorar Monforte que sexan aprobadas que non por sistema se vote en contra, durante estes catro anos o partido popular vai facer unha oposición constructiva. Van optar pola palabra non criticar e si dicir o que vostede non o fai.

Intervén o D. Ibán Torres di que o contido disto. Unha persoa que non ten como calificar un argumento o califica de parvadas e tonterías. Vostede é o que agasalla si que son parvadas e tonterías, fala de populismo fulero, por respecto á institución que ten que ter, o alcalde sempre é o alcalde de todos, e sabe que iso a vostede non lle gusta. Respecto para a institución e para o alcalde, e o leva amosado durante 8

## SECRETARIA

anos. Fala da situación da pandemia onde o alcalde se preocupou por todos os monfortinos e monfortinas. Debe recapacitar un pouco antes de tomar as rendas, esta moción é de vergoña allea, debe analizar a súa moción. É un tema que xa está votado e non ten percorrido. Continúa contando as actividades ofertadas polo concello durante o mes de xullo e agosto do ano 2023. O concello está cumprindo a promesa realizada en beneficio do nenos e nenas de Monforte. Os campamentos se fan co obxectivo que os monfortinos e monfortinas podan conciliar a vida familiar e laboral.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que estaban falando que cando chegaron no 2015 foron os que dixeron esas prazas non precisaban de terceiras persoas para participar na mesma, moita quedou fora. Di que eles soamente queren que vostedes teñan a ver incorporar nas futuras bases a contratación de monitores deportivos que fagan falta para todos os nenos e nenas con necesidades. Fagan o favor de incorporar nas futuras bases nos campamentos, se lera a moción, e resulta que este ano si que se levou a cabo, eles publicamente o felicitan, todo o que se faga para os monfortinos van apoiala. Desgraciadamente Monforte ten uns problemas, pero eles que son correa de transmisión de todos os monfortinos e eles traen as mociónns que lle parece populista, teñan a ben incorporar iso para que eses nenos non se queden sen campamentos.

Intervén D. José Luis Rodríguez manifestando o seu apoio. O que teñen que dicir que todos os alcaldes anteriores que houbo a vostede todos fixeron o mellor por Monforte, todo o que fixeron quedou en Monforte.

Intervén D. Ibán Torres se vostede o que quere é a mellora para os discapacitados, todo o demais é tonterías e parvadas. O obxectivo é que os nenos podan practicar actividades que lle gusten durante o verán, o servizo de inclusión o debe ofrecer a Xunta de Galicia. Fálase de persoas que necesitan unha persoa para realizar a súa actividade, e non ter nada que ver co alcalde de todos. A Xunta de Galicia é a quen lle corresponde isto, van seguir cos campamentos deportivos de verán, con iso queda demostrado que este Alcalde é o alcalde de todos os monfortinos. Di que a el o que lle da é lástima e coraxe, parécelle un concelleiro do PP.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez agradecer o tono e dar as grazas ao PP e ao BNG. E non vai dicirlle nada de todas as cousas que dixo, o único que piden que incorporen nas futuras bases a contratación de monitores deportivos, porque non ten nada que ver co que contestou.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que quere deixar unha cousa clara, di vostede que non fai as mocións, pois debería dicirlle a esas persoas que eles non incumpren o artigo 49 da Constitución, é imposible de incumprilo porque non teñen obriga de facer campamentos de verán. Vostede ven aquí falando de futuro, aínda no rematou o verán do 2023, se non quedou ningún neno ou nena fora, qué sentido

## SECRETARIA

ten traer aquí esta moción. Se vostede lera a Lei de Servizos Sociais de Galicia di que é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, así que por favor deixe de marear a perdiz que non ten sentido ningún. Dille a D. Jose Luis vostedes poden votar o que queiran a favor, pero si esto non ten sentido, qué votan, podería haber unha abstención. E logo non sabe a que se refire ao respecto institucional, o respecto é entre institucións. O respecto institucional non é cando ven o responsable da Xunta e non invita ao alcalde, ten que invitar ao alcalde porque representa á institución, e aquí leva vido moita xente da Xunta de Galicia, que andou visitando comercios, e non avisou para nada ao Concello iso si que non é respecto institucional, pero si que estaba D<sup>a</sup> Katherinie, o que representante á institución é o alcalde. Os actos son actos, están os gobernos. E logo fala vostede do trato por igual, el si que trata a todos os Concellos por igual, o reparto con criterios obxectivos con fondos dispoñibles da Deputación ,a través do Plan Unico de todo xeito que todos os Concellos da provincia de Lugo. Ogallá a Xunta de Galicia fixera un plan único con eses criterios, en vez de asinar convenios con Sober, Saviñao ou Pantón, asinara algún con Monforte. Falar aquí de trato igualitario cos Concellos parécelle unha broma, pregúntelle ao alcalde de Sober e do Saviñao, pregunte cantos kilómetros se fixeron, iso que é en Ribas de Sil non estivo o equipo de rego da Deputación, dicir ese tipo de cousas cando non son verdade, porque non reparte con criterios obxectivos. Vostede pode dicir o que debería de facer segundo o seu criterio, pero el fai segundo o seu programa que é o compromiso que ten cos cidadáns. Di vostede que os alcaldes anteriores fixeron o que puideron ou o que puideron facer, pero di o que fixeron quedou en Monforte, e logo o que fixo el onde quedou, pero hai unha diferenza moi grande, di que el non desfizo o que moitos alcaldes desfizeron cousas que estaba facendo o anterior. Os fondos públicos hai que optimizalos ao máximo, porque iso é gastar para desfacer.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez Grupo Mixto-Esperta Monforte.

### **9º.- MOCIÓN DO GRUPO PARTIDO POPULAR PARA MELLORAR A TRANSPARENCIA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e os concelleiros do Grupo Municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*"1. Que se publique directamente a documentación esixida pola lei de transparencia directamente na páxina web do concello sen que se teña que buscar a información nunha páxina de outra institución.*

*2. Que se melloren os índices de transparencia e se complete a información facendo especial énfase nos seguintes puntos:*

*. publicidade da actividade do equipo de goberno con asiduidade: actas de Xunta de Goberno, decretos da Alcaldía.*



## SECRETARIA

*. publicidade da actividade da corporación municipal: documentación relativa as iniciativas presentadas no Pleno.*

*. Dixitalización do inventario de bens do Concello. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:


Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles van votar afirmativamente, porque ven problemas porque non é sinxelo traballar e efectivamente xa teñen problemas eles para que lles dean as actas das xuntas de goberno, e vai bastante retrasado, pero tamén hai unha falla de transparencia e hai moitas cousas que non contestan cando metes algo por rexistro.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que aínda que o concello cumpra os estándares esixidos por lei, o que si que van votar a favor desta iniciativa sempre e cando no punto 2 no primeiro apartado onde fala da publicidade da actividade das actas das xuntas de goberno e decretos da alcaldía, debían de retirar ese punto. Nas actas da Xunta de Goberno aparecen domicilios, aparecen números de teléfonos, aínda que tamén aparecen contas e estaríase incumprindo a lei da protección de datos, entenden que hai cousas que poden facerse un resumo.

Intervén D. Ibán Torres di que vai facer unha serie de precisións, fala do 10 da Lei de transparencia e nos artigos 8 e 9, igualmente fala da plataforma que pon a disposición a Deputación para o portal de transparencia, información económica, inclúense os orzamentos, información institucional, relación de postos de traballo, información xurídica, a normativa de interese de carácter organizativo, as ordenanzas fiscais, non fiscais, ordenanzas de tráfico e seguridade e os regulamentos en vigor, información sobre urbanismo neste apartado se inclúe o PECHA como conclusión deste concello se facilitan unha pormenorizada información nas distintas esferas e áreas. En referencia á relación contractual, o portal de transparencia do concello contén cada unha das información esixidas, non entende o que quere dicir dona Katherinie. En relación a súa proposta Sra. Katherinie non entende a finalidade que se cree un apartado coa información que xa inclúe a citada plataforma citada. En referencia ao inventario, o presuposto do concello no ano 2023, xa están presupostos para a realización dun novo inventario que se elaborará para o ano 2024.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que esta moción é un tema que levan no seu programa electoral, entenden que compren o esixido pola Lei, si é verdade cando revisaron a información, faltaban pestañas relativas á contratación e tamén á actividade cotidiana, recoñecen que se mellorou esa transparencia o que traen aquí e que se completen, o que non quita que podan ter toda esa información na páxina web. O ideal e adecuado e colgalo directamente na páxina web do Concello para eles sería unha mellora. Por outra banda, en relación ao que don Emilio, entende que lle poida preocupar os datos persoais, a lei no artigo 14 e 15, fai fincapé en **Acta Pleno 31.07.2023**



## SECRETARIA

datos persoais que revelen ideoloxía, etc, non tanto ao que é nome e apelidos, non é si o que pretende é o que piden é que se elimine ese punto para que apoiem a moción, ter un expediente exclusivo de xuntas de goberno, sen estar esperando dous ou tres meses e as manden todas xuntas.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles van votar a favor se retiran o das xuntas de goberno, senón vanse abster, eles non queren votar a favor de algo que pode rozar a ilegalidade, aínda que están de acordo no espírito da moción.

Intervén D. Ibán Torres di que falan da transparencia ou dos datos protexidos. Estase cumprindo o 100%. En referencia á dixitalización está no orzamento con 50.000,00 euros, non contempla nin as rúas nin os camiños municipais. Esta alcaldía cando aborda unha situación o fai de forma seria e rigurosa. Xa a alcaldía deu instrucións á Secretaría para que realicen a elaboración dos pregos para un novo inventario, polo tanto non van apoiar esta moción, con respecto ao portal pertence a unha plataforma colaborativa de transparencia gratuita para os Concellos.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifestando que en relación as actas da Xunta de Goberno e decretos da alcaldía, aínda que deberían de ser públicos aínda que haxa datos que deberían pixelarse, deberían ter unha maior accesibilidade dos concelleiros.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vostede ten dereito a solicitar todo o que considere oportuno outra cousa é que as veces pide unha cousa tal como a pide non están a disposición de obtela. Fíxese vostede este é copia do escrito que vostede recibiu, no parágrafo cinco díxose que non había un proxecto concreto, por acordo da xunta de goberno do 15.05.2023 a proposta da alcaldía adoptouse o acordo de encargar á unidade de contratación e á unidade de urbanismo que redacten os pregos para a redacción do plan especial , este é o único trámite procedimental, hai unha decisión tomada, mentres non haxa a licitación, os pregos que se aproben, as ofertas das empresas, a adxudicación a quen, como vai haber eses documentos, no mes de agosto ou no mes de setembro se licitará.

Sometido o asunto a votación coa retirada do punto número 2 da moción rexéitase por maioría con 10 votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez Grupo Mixto-Esperta Monforte.

### **10.- MOCIÓN DO GRUPO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA AOS HORARIOS INCLUSIVOS DAS ATRACCIÓNS NAS FESTAS PATRONAIS E OS PREZOS DAS MESMAS.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro do Grupo municipal deo BNG e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

**Acta Pleno 31.07.2023**



## SECRETARIA

Transcríbese a proposta da moción:

*“Instar ao goberno municipal a que aumente as horas, durante todos os días das festas, nas que se xa obrigatorio reducir o ruído no espazo das atraccións.*

*Que o concello faga as xestións necesarias, para regular/reducir, o prezo do uso das atraccións”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada. Di que o primeiro punto é algo que saben que nos últimas datas do ano pasado si antes da pandemia polo menos se facía esa obriga de reducir unha hora durante o día, cren que é insuficiente, de 7 a 9 sería unhas boas horas, que se fagan todos os días das festas, saben que hai que falar cos feirantes e non vai a estar todo o mundo de acordo. Con respecto ao punto número 2, saben que é complicado e difícil pero se pode intentar. Saber que no prezo do metro ou por instalación, pois se teña ou se pode reducir o prezo para que inflúa no custo do uso das atraccións.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles están a favor de que se pase dunha a dúas horas. Vanse abster non entende de que o concello teña que reducir o prezo das atraccións.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que consultaron a varios país e nais en canto á redución acústica di que eles están a favor no que saben é o tempo que estiman sen música é un pouco en función da necesidade das familias. Gustaríalle aportar unha suxerencia sería regular o nivel de ruído no que son as atraccións, e que moitas atraccións o que fai é aumentar o volume da actuación perxudicando ao que ten ao lado. Tamén quere facer un inciso en canto ás axudas da Xunta que dixeron o día que governe o PSOE para as festas noutros Concellos, aquí a xunta deu axudas ás festas de San Antonio á Carude, a Piñeira, ao Valle de Lemos, cada un vai dando en función do que lle piden. Darlle dende o PP a un concello do PSOE axudas para que despois a medalla a vai poñer vostede.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. José Luis que o acaba de dicir é tremendamente forte está ben que o pensen pero que o digan nun pleno da corporación, espera que non o autoricen dende o seu partido a seguir dicindo esas cousas, é tremendo.

Intervén D. Ibán Torres di que estudiaaron a hiperacústica e non hai un criterio, non sabe se todos os diagnósticos son iguais. En calquera caso, foi este alcalde foi o que estableceu a baixada nas atraccións unha hora ao día, para que todos os nenos puideran desfrutar das atraccións. Polo tanto prolongar máis horas a redución da música, haberá que estudialo, é as veces difícil. Di que eles estableceron esa franxa horaria, canto máis tarde se faga habería que eliminar a iluminación, non so afecta ao ruído senón tamén aos destellos luminosos, hai que intentar coordinar o interese xeral co particular. Di que eles non tiveron ningunha queixa. Por outra banda, o que pide que se rebaixen os prezos, e dun tratamento totalmente diverso,

**Acta Pleno 31.07.2023**

## SECRETARIA

como comprenderá non se pode mediar, en ningún sucede isto, a única cidade que contempla un límite de prezos é o Concello de Lugo, no tema do pulpo cousa coas atraccións non sucede, o que se fai é cobrar unha taxa polo uso do espazo público, pero non intervir no prezo, lle consta que nos Concellos rexidos por vostedes tampouco fan o que pide vostede na moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que é curioso que empeza que non hai claridade no asunto, ao mesmo tempo o poñen as seis da tarde. Di que eles non poñen os horarios por poñelos, porque asociacións de Monforte dixéronlle que serían os horarios máis axeitados, porque ás seis da tarde é un torreiro, de 7 a 9 sería o ideal. Isto vai dirixido a persoas con problemas con espectro autista. Di que en Lugo si se fai isto, teñen eses horarios máis axeitados para que teñan unhas festas máis inclusivas, unhas festas para todos. Non hai Concellos onde os prezos se reducen ven sexa en días concretos, pero si o 50% incluso hai días que se hai un día unha tarde que son gratis, isto vai en función para que podan acceder todos os pequenos, hai que influir para que os cativos sexan todos iguais, pero todo o que estea na súa man facelo.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que eles apoian a iniciativa pero quitando o prezo das atraccións.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles dixeron que se van abster pero si retira o segundo punto votan a favor.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que eles non van marcar os prezos a unha empresa, pero unha particularidade que estes veñen facer cartos con cartos públicos, porque poñer o seu establecemento con solo público, no campo de San Antonio fan as festas e a comisións teñen un día á tarde gratis para todos os nenos. Unha cousa é que vostede non queiran votalo e aprobalo, fagan o que vostedes queiran, aquí estase para igualar a vida dos cativos, pero iso de que un pequeno teña cartos e dea sete voltas e outro que non, evidentemente hai propostas de esquerdas e propostas de dereitas.

Intervén o Sr. Alcalde di que lle gustaría que todos os nenos deran voltas nos caballitos. No Campo de San Antonio teñen uns ingresos , aquí non hai convenios nin contratos, hai unha concesión de espazo público, e logo cóbrase a taxa. E logo dille a D. José Luis recomendando que escoite o pleno, está ben que axuden aos barrios, iso non ten nada que ver ás festas patronais dun concello, que teñen dereito coma os doutro Concellos e a Xunta está manexando diñeiro público igual que o Concello, cre que vostede tivo un deslíz que de verdade se o escoita ben seguro que se lle van aconsellar que non o vai repetir, as festas non son do alcalde, as festas de todos os cidadáns de Monforte, que as organiza o Concello, pero iso non impide que outras administracións colaboren. Estase a falar de diñeiro



## SECRETARIA

público, e ben a dicir vostede que para sacar rédito político o sacan vostedes son el. O tema dos horarios tamén di que de 6 a 7 é un pouco cedo, pero ao mellor estudar de 7 a 8 unha posibilidade para uns e para outros e se é así, pero se fose así eles apoiarían esa iniciativa.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles manteñen a iniciativa como está.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría, con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e D. Jaime Germán Vázquez Pérez Grupo Mixto-Esperta Monforte .

### **11º.- MOCIÓN DO GRUPO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA AO ABASTECIMENTO DE AUGA NA PARROQUIA DE GUNTÍN.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro do Grupo municipal do BNG e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*"instar ao goberno municipal a que a menor brevidade posíbel, se dote á parroquia de Guntín, na súa totalidade, dun servizo de auga público e de coa calidade esixíbel hoxe en día".*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada. Di que a parroquia de Guntín ten dúas acometidas de auga, unha que é antiga e outra dos veciños, o certo é que non se trata axeitadamente a auga, o certo é que se colocaron e renovou as tuberías e os contadores. Sabemos que non foi cunha subvención municipal. O que se pretenden é que o concello dote á parroquia de subministro de auga, ben dende o polígono ou ben sexa botando mal á captación que teñen os veciños para poder tratala, pero esa é a realidade en oito anos do goberno en todo o verán contase ben os metros de canalización de auga e de saneamento, cren que isto é unha necesidade. O que se propón e que o goberno dote de auga municipal á parroquia.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que vai esperar ás explicacións do equipo de goberno.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que el non forma parte do goberno da Xunta nin xestiona diñeiro público, ao mellor di que lle falta experiencia, entón na parte da moción de auga di que eles están a favor de que todas as parroquias teñan auga en perfectas condicións hixiénico-sanitarias para o seu consumo. Guntín non ten auga potable que incluso non poden lavar a roupa nas súas casas, está ben que leven oito anos de goberno, e que aínda existan parroquias sen auga potable nas perfectas condicións. Quere aclarar que todo o que queda doutros alcaldes queda en Monforte igual que vai quedar o seu, vostede tamén sacou fontes na Praza de España e na Praza Dr. Goyanes foi reformada.

**Acta Pleno 31.07.2023**



## SECRETARIA

Intervén D. Ibán Torres dicindo que con respecto á parroquia de Guntín fai tempo que lle deu unha axuda importante para renovar a condución da auga, realmente ao Concello lle corresponda a xestión de auga pero as inversións na traída corresponde á Xunta de Galicia. Di que o partido popular está roubando miserablemente co canon da Xunta, en vez de repercutirse no concello igual eses cartos deberían ir para a parroquia de Guntín. Di que son coñecedores desta situación, está estudiando e visibilizando para darlle unha solución definitiva.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles piden que pidan auga para os veciños de Guntín, isto non é unha subvención, na acta da Xunta de Goberno de 21.07.2021 págase a unha arquitecta por estudio técnico, na seguinte acta 28.07.2021 págase a unha empresa, son datos é unha información, iso é facerse cargo da obra aquí e en Rusia, os veciños cos que falou, dixeron que eles non puxeran un peso, a el o que non lle gusta é que vexan cara de parvo, parvos somos pero os coches saben aportar, eles piden que se poña a auga. Eles non traen aquí nada raro, dentro do que transmitiron os veciños, ao mellor falta información.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que eles van apoiar a moción.

Intervén D. José Luis Rodríguez din que van apoiar esta moción.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que el non dixo subvención senón que dixo axuda.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que moitas veces cando se fixo o contrato do 2001 haberá que mirar o da auga ás parroquias. Di que el non mira para atrás nin para coller impulso.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que foi unha axuda que se comprometeu cos veciños máis de 20.000,00 euros e lle pediron que fixera o concello as contratacións e iso foi como foi, e logo dille a D. José Luis , falan das fontes que se quitaron , el non era alcalde, é máis el non levaba as obras urbanas, levaba as rurais. Unha cousa e retirar algo e outra cousa que despois de 8 anos hai que reformar algo, iso significa desfacer o anterior, é necesario actuar. Non dirá que Dr. Goyanes non está mellor que o que estaba. Fala de competencias que atribúe a Lei de Bases de Réxime Local, se o concello paga un canon, non parece lóxico que algo que se implantou no 2012, 300000,00 euros dende o 2012, estase a falar de 3.600.000,00 simplemente co 50% do que se paga debería de reverter para obras de saneamento e abastecemento pero non se recibe un euro. Cando vostede falaba da súa etapa de obras rurais, metéronse acometidas de auga en catro parroquias, que as financiou Augas de Galicia, o que levaba Augas de Galicia, esa persoa concedeu axudas, facendo Senén Prieto os proxectos e se fixo, Moreda, Fiolleda, as Nocedas e na Penela, e se rematou o saneamento na Vide e Gullade e ademais quedou o entroque feito das Nocedas a Gullade, dende esa non houbo máis axudas da Xunta, daquelas

## SECRETARIA

governaba o Sr. Fraga. Di que os dos Bloque e os do PSOE elixiron a D. Manuel Fraga como Senador, e coa abstención do Partido Popular. Miren canto dá de i a auga de Guntín.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez Grupo Mixto-Esperta Monforte.

### PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

#### **12º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (27.04.2023, 16.05.2023, 02.06.2023, 07.06.2023 (2), 15.06.2023, 28.06.2023 e 14.07.2023).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

#### **13º.- DACIÓN DE CONTA DE APROBACIÓN CONTA XERAL 2022.**

**Este punto retírase da orde do día.**

#### **14º.- DACIÓN DE CONTA DE REPAROS DA ANUALIDADE DO 2022.**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que na súa redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, dáse conta do informe das resolucións contrarias ós reparos formulados pola Intervención Xeral municipal anualidade 2022.

#### **15.- DACIÓN DE CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE, 1º TRIMESTRE 2023.**

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 1º trimestre de 2023, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 3,57 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 1º trimestre de 2023:

#### **16.- DACIÓN DE CONTA DE EXECUCIÓN TRIMESTRAL ORZAMENTO DO 1º TRIMESTRE 2023.**

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2023, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

#### **17.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Acta Pleno 31.07.2023**

**Preguntas Grupo Mixto-Esperta Monforte!**

**1. Que pasou cas arbores secas que temos no campo de San Antonio e diante do Parador Nacional.**

**2. Alguén se vai encargar da limpeza das beiras do río dende o parque dos Condes ata Piñeira para non deixar esa tarefa en mans dos voluntarios.**

- Resposta o Sr. Alcalde manifesta que despois de consultarlle ao técnico de medio ambiente non ten explicación técnica de por que secanon.

- Pois a Confederación, na zona non urbanizada non é competencia do Concello nin tampouco dos voluntarios.

**Rogos Grupo Mixto-Esperta Monforte!**

**1. Que se fagan as xestións ante quen corresponda para a continuación da iluminación da circunvalación.**

**2. Que se consulte coas entidades deportivas, cos deportistas e con quen entendan oportuno dende o goberno para chamarlle D. Manuel Luis Vázquez Vázquez o renovado pavillón da Pinguela.**

- Resposta o Sr. Alcalde que a Ronda Urbana desde o Hórreo para adiante é competencia da Xunta de Galicia.

- Toman razón do que propón

**Rogos do Partido Popular**

**1. Seguen as queixas de falta de iluminación da rotonda da Rúa Reboredo situada na entrada e saída a Nacional 120. Recordamos que é un dos dous accesos a cidade de Monforte desde a Nacional 120 e que precisamente este conduce o Polígono do Reboredo, polo que a iluminación debe ser fundamental.**

**Polo tanto, rogamos procedan a poñer en funcionamento as luces da rotonda mencionada o insten a administración competente, de ser outra, a facelo.**

**2. A estrada que comunica a parroquia de Piñeira e a parroquia de Distriz, que transcorre xunto a Depuradora de auga, atópase en moi mal estado, motivo polo cal, presentamos este rogo onde instamos a que se leven a cabo as labores necesarias de mellora de esta estrada.**

- Resposta o Sr. Alcalde dicindo no que se vostede se refire á N-120 non é unha rotonda é unha raqueta de acceso ou saída á N-120.

## SECRETARIA

- En relación co tema de Piñeira a Distriz, está xa pedida polos veciños e está incluída nas obras do presuposto do vindeiro ano.

### **Rogo do BNG**

#### **1. Situación mal estado do parque da Florida**

#### **2. Situación do camiño da Agra (Ribasaltas) sen repoñer o firme.**

Resposta o Sr. Alcalde sinala que a lei permite preguntar pero non hai obriga de contestar.

En canto ao que está dicindo, aquí veu ao pleno a oferta da Xunta de Galicia ao Concello para recibir ese parque, porque ese parque non é municipal. Eses terreos eran do Ministerio, e conseguíuse a cesión á Xunta, non fai moitos anos veu unha oferta cando era delegada da Xunta dona Raquel Arias e o goberno do BNG que estaba gobernando en solitario rexeitouna porque había unha débeda de 3.000,00 € con Fenosa por parte da Xunta, polo que non se quixo aceptar esa entrega. Así que ese parque é da Xunta de Galicia polo que ten a obriga de reparalo. O equipo de goberno está disposto a que, si a Xunta paga eses 3.000 euros que debe a Fenosa e ofrece de novo ese parque, estudar as condicións en que se recibiría xa que parece que a situación non é a mellor.

### **Pregunta do BNG**

#### **1. O tractor co que está a desbrozar FCC é do Concello?**

#### **2. E si é o do Concello mediante que acordo ou convenio se fixo.**

Resposta o Sr. Alcalde que en relación coa pregunta do desbroce non sabe contestar agora mesmo, sabe que houbo unha avaría co tractor de FCC e para evitar retrasos se lle prestou o do Concello. Agora mesmo, non lle pode contestar se está a desbrozar xa co seu tractor ou o do Concello.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo doce horas e dez minutos do día un de agosto, de todo o cal eu, Secretaria, certifica.

Vº e Prace  
O Alcalde,